

ACTA N° 02/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.
Dna. Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 10 de xaneiro de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 51/10, correspondente á sesión do 20 de decembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Non hai.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 193/10 – D. SANTIAGO GESTIDO VIÑAS E D^a EVA MARÍA VIVES GREGORIO presentan proxecto básico e execución de vivenda unifamiliar aillada no barrio da Marrúa, redactado polo arquitecto D. Javier Rial Lemos, visado o 02.11.2010

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA UNIFAMILIAR
INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 29 de decembro de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédense 10,93 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 375,95 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela segundo medición técnica ascende a 475,00 metros cadrados

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|---------------------------------|------------|
| Imposto s/construción..... | 2.739,67 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 342,45 € |
| Cartel de obra..... | 110 € |
| Taxas conexión saneamento | 180 € |

3.B) EXPTE. 81/10 – D^a MARÍA REBECA MOREIRA GONZÁLEZ presenta proxecto básico de vivenda unifamiliar no barrio de Carballido – Domaio, redactado polo arquitecto D. José Melero Currás, visado o 03.05.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR
INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución
No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 15 de outubro de 2010 para ordenanzas 7 das NN. SS de planeamento municipal.
Proxecto visado polo COAG con data de 3/05/2010 quedando substituído o plano R31 por outro visado con data de 21/12/210.

Non require informes sectoriais.

Cédense 14,50 M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 239,38 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario.

Superficie da parcela ascende en ordenanza 7 computable a 702,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licencia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.e) por ser solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados o abeiro da lei 11/1985 sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|---------------------------------|------------|
| Imposto s/construción..... | 2.801,26 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 350,16 € |
| Cartel de obra..... | 110 € |
| Taxas conexión saneamento | 180 € |

3.C) EXPTE. 67/10 – D. PABLO ENRIQUE CELA PENA presenta proxecto básico de rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Fernando García Arenal, 8, do barrio do Con, redactado polo arquitecto D. José Carlos Taín Campos, visado o 13.05.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO DE REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO: Procede licencia por resultar compatible coa normativa urbanística.
Obra de mellora.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución.

Queda modificado o plano 3 de xeito que o almacenamento xeral quede agrupado co persoal penetrando nel a través dun espazo de comunicación.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 31 de agosto de 2010 para ordenanza 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédese 00,00 M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 00,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|---------------------------------|----------|
| Imposto s/construción..... | 656,74 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 65,00 € |
| Cartel de obra..... | 110 € |
| Taxas conexión saneamento | 180 € |

4.- DENEGACIÓN DE LICENZA

EXPTE. 182/10 – D. FERNANDO FERNÁNDEZ SOLLA presenta proxecto de reparación e conservación de cuberta nunha vivenda xa existente na Borna, nº 84-85, do barrio do Latón, Meira, redactado polo Estudo de Arquitectura AR UR MO, visado o 18.10.10.

Visto o informe do aparellador municipal do día 5 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

**ASUNTO DO EXPTE DE OBRAS: REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DE CUBERTA.
INFORME: Non procede licenza.**

A presente decisión enmarcase nas facultades que dispón o alcalde para as obras sen licenza en curso de execución as cales se lle incoa os respectivos expedientes de reposición da legalidade, Artigo 209.2.c) da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para tomar outras medidas que sexan convenientes a prol da efectividade da suspensión.

Instruído o expediente de reposición da legalidade, logo da audiencia do interesado se adoptan ao non ser legalizabeis por ser incompatibeis co ordenamento urbanístico, o acordo de demolición, cuestión resolta nos Exptes: 07/2004 e 08/2004. Non opera o disposto no Artigo 210 no caso de transcorrer un prazo de seis anos sen adoptarse as medidas de reposición da legalidade se lle permitiría pequenas obras de reparación esixidas pola seguridade e hixiene e en ningún caso as de consolidación, aumento de valor ou modernización nin cambio de uso existente, **excepto as necesarias para a adecuación a legalidade urbanística (entendendo como tales as obras que dimanen das distintas resolucións da reposición da legalidade previas a conservación do conxunta restante.**

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|--------------------------------|---------|
| Imposto s/construción..... | 93,98 € |
| Taxas licenza urbanística..... | 65,00 € |
| Cartel de obra..... | 110 € |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que non procede a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparelador municipal.

5.- LICENZAS DE APERTURA

EXPTE. 41/10 – GARCÍA Y FERNÁNDEZ, CB, representada por D. José Manuel García Bermúdez, solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 1 de decembro de 2010, licenza de apertura para establecer unha consulta profesional da actividade de fisioterapia, na travesía Montenegro nº 3, baixo, local 3.

Visto o informe do aparelador municipal do 7 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: CONSULTA PROFESIONAL DE FISIOTERAPIA

INFORME: **Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais.

Atendendo ao disposto no artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza ao presente acto por constituír un uso do solo.

A presente actividade de **consulta profesional de fisioterapia**, resulta compatible co planeamento urbanístico dadas as características da mesma; o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, unha vez inspeccionado polo técnico que subscribe, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada, salvo pequenas modificacións non substanciais.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 350 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **GARCÍA Y FERNÁNDEZ, C.B.** licenza para a implantación da actividade de CONSULTA PROFESIONAL DE FISIOTERAPIA no local situado na Travesía de Montenegro, nº 3, baixo, local 3, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do *Regulamento de servizos das corporacións locais*, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS:

D. Jacobo Rios Cortegoso, por escrito do 27 de agosto de 2010, solicitou licenza de apertura dun local para ximnasio na rúa Miguel Enríquez, 36, baixo.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 4 de xaneiro de 2011, que di:

EXPEDIENTE DE APERTURA:28/10

ASUNTO: XIMNASIO

INFORME:

Sometido o expediente a información pública atendendo ao disposto no artigo 36, a)-5, do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas, de 24 de agosto de 1982, unha vez determinada a compatibilidade de usos coas NN. SS. de Planeamento Municipal.

O aforo do local definido no proxecto ascende a unha ocupación de 34 persoas.

A resultas da aplicación do Decreto 292/2004, do 18 de novembro; polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade autónoma de Galicia, queda identificada a actividade de ximnasio polo presente decreto polo epígrafe 2.3.5.

Debe remitirse o presente expediente á Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por se estima necesario, e a teor do disposto no artigo 38 do Regulamento xeral, comunicar os condicionados procedentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e visto o informe do técnico, acorda remitir o expediente á Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administración públicas e Xustiza, por se estima necesario comunicar condicionados.

7.- URBANISMO: CORRECCIÓN DE ERROS EN ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE NOVEMBRO DE 2010.

Vista a proposta de corrección de erros remitida polo departamento de Urbanismo, que di:

Na Xunta de Goberno Local do 8 de novembro de 2010 concedéronse tres licenzas de primeira ocupación, correspondentes aos respectivos expedientes. números 31/02, 74/06, e 171/06. Os dous primeiros (**exptes. 31/02 e 74/06**) corresponden a vivendas unifamiliares e, por erro, no acordo recóllese na súa respectiva liquidación provisoria de tributos

Licenza de primeira ocupación de edificio

(2 sotos, 1 planta baixa e 11 vivendas)..... 130,00 €,

cando debería ser

Licenza de primeira ocupación

(vivenda unifamiliar)..... 130,00 €,

Proponse a súa corrección.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se corrixa o erro detectado no sentido de que as respectivas liquidacións provisorias de tributos que se recollen no acordo do 08.11.10 de concesión de licenzas de primeira ocupación dos expedientes de urbanismo núms. **31/02 e 74/06** indiquen:

Licenza de primeira ocupación

(vivenda unifamiliar)..... 130,00 €,

8.- PROPOSTAS DE GASTOS

Non se presentan.

9.- RENOVACIÓN AUTORIZACIÓN PANTALÁN NO LATÓN

A autorización administrativa outorgada ao Concello por resolución do consello de administración da Autoridade Portuaria de Vigo de data 25 de xaneiro de 2008, para a utilización dos pantalanás flotantes sitos no Latón, con destino ao amarre de embarcacións menores vence neste mes de xaneiro de 2011, xa que segundo a lexislación vixente, o prazo máximo deste tipo de autorizacións é de tres anos.

Solicitouse nova autorización á Autoridade Portuaria e, por oficio do 3 de xaneiro de 2011, remiten condicionado para a súa aceptación ou reparo nun prazo non superior aos dez días dende a súa notificación (05.01.11), das condicións nas que se podería outorgar unha autorización administrativa para ocupar unha superficie de lámina de auga (aproximadamente 700 m²) na zona do Latón, Meira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e dentro do prazo establecido, acordan aceptar o condicionado remitido pola Autoridade Portuaria de Vigo para a autorización administrativa para ocupar unha superficie de lámina de auga de 586 m², aproximadamente, e 12 m² en terra para a colocación das pasarelas, na zona do Latón, Meira, con destino ao amarre de embarcacións menores..

10.- OBRADOIROS ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA 1º TRIMESTRE, EDICIÓN 2010-2011.

Visto o informe do director da EMM do día 10 de xaneiro de 2011 e a proposta da súa aprobación do concelleiro delegado de Cultura, que di:

1º CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRIPCIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE da EDICION 2010-11:

- Prazo: Mércores 12 a venres 28 de xaneiro.

- Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán efectuar o pago correspondente en calquera oficina de Caixanova de Moaña no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto “**Obradoiro de BATERIA**” “**Obradoiro de HIP HOP**”, “**Obradoiro de MUSICA E CONTOS**”, “**Obradoiro de GRUPO POP**” ou “**Obradoiro SOLFEXO ADULTOS**” segundo corresponda.

Os prezos serán os estipulados na “III Proposta de Actividades Complementarias” presentada entre a Banda de Música Popular “Airíños do Morrazo”.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

Asimesmo, o departamento de Recadación do Concello pasará informe á Escola de Música o Luns 24 de Xaneiro sobre os preinscritos que a día venres 21 non efectuaron o ingreso para axiliza-lo pago dos interesados pendentes.

A continuación, e como anexo, se establece o listado de preinscritos con dereito á inscrición e o importe a pagar correspondente.

Listado de preinscritos:

| BATERÍA | | | |
|-----------------------------|--------------|--------------------------|----------------|
| NOME E APELIDOS | IDADE | TFN. CONTACTO | IMPORTE |
| Alvarez Tomé Sara A. | | | 30€ |
| Argibay Otero Sabela | | | 30€ |
| Ballesteros Sanjorge Katrin | | | 30€ |
| Barcia Ríos Adrian | | | 30€ |
| Cores Antepazo Celia | | | 30€ |
| Costas Cancelas Hugo | | | 30€ |
| Fernández Malvido Claudia | | | 30€ |
| García Villar Rodrigo | | | 30€ |
| Gestido Durán , Josué | | | 30€ |
| Pardo Santomé Iria | | | 30€ |
| Pena Cruz Hugo | | | 30€ |
| Pena Fernández Nerea | | | 30€ |
| Pequeño Dacosta Leticia | | | 30€ |
| Rodríguez Rodríguez Hector | | | 30€ |
| Rosendo Santiago Anxo | | | 30€ |
| Vazquez Corrales Manuel | | | 30€ |

| MÚSICA E CONTOS | | | |
|---------------------------|--------------|--------------------------|----------------|
| NOME E APELIDOS | IDADE | TFN. CONTACTO | IMPORTE |
| Cordeiro Gutierrez Samuel | | | 18€ |
| Pena Vázquez Claudia | | | 18€ |
| González Miranda Nuria | | | 18€ |
| Pena Cruz Antía | | | 18€ |
| Costas Pérez Enma | | | 18€ |
| Calvar Rodríguez Daniel | | | 18€ |
| Rodríguez Díaz Candela | | | 18€ |
| Costa Chapela Mauro | | | 18€ |
| Curro Pena Saray | | | 18€ |
| Solla Pérez Silvia | | | 18€ |
| Santomé Fernández Aitor | | | 18€ |
| Ogando Bayr Samuel | | | 18€ |
| Nuñez Paredes Lucía | | | 18€ |
| Carballo Peiró Iago | | | 18€ |
| Rodríguez Díaz Silvia | | | 18€ |
| Piñeiro Lestón Rubén | | | 18€ |

| HIP HOP 1 - 9 A 12 ANOS | | | |
|---------------------------------|--------------|--------------------------|----------------|
| NOME E APELIDOS | IDADE | TFN. CONTACTO | IMPORTE |
| Carballo Pérez Laura | | | 18€ |
| Carvajal Seijo Candela | | | 18€ |
| Custodia Soage Olaya | | | 18€ |
| Graña Rodríguez Alicia | | | 18€ |
| Guede Ramos Area M ^a | | | 18€ |
| Montoya López Alondra | | | 18€ |
| Núñez Enales Elba | | | 18€ |
| Pena Francisco María | | | 18€ |
| Pena Pena Antía | | | 18€ |
| Riobó Masenlle Claudia | | | 18€ |
| Riobó Santomé Marola | | | 18€ |
| Riobó Santos Vera | | | 18€ |
| Rodríguez Miranda Aitana | | | 18€ |
| Rodríguez Ríos Alba | | | 18€ |
| Rodríguez Sotelo Alan | | | 18€ |
| Rosales Carballo Nerea | | | 18€ |
| Rúa Perez IAgo | | | 18€ |
| Sanz Freire Aitana | | | 18€ |
| Vazquez Corrales Belen | | | 18€ |
| Vilariño Tenorio Andrea | | | 18€ |

| GRUPO POP | | | |
|---------------------------------|--------------|--------------------------|----------------|
| NOME E APELIDOS | IDADE | TFN. CONTACTO | IMPORTE |
| Agra Currás Ariadna | | | 18€ |
| Baanante Pozo Ana | | | 18€ |
| Bernárdez Ordás, Eva | | | 18€ |
| Bernárdez Ordás, Manuel | | | 18€ |
| Farucci Sanluis Ilian | | | 18€ |
| Fernandez Malvido Claudia | | | 18€ |
| García Rodríguez Andrea | | | 18€ |
| HIP HOP 1 - 13 A 18 ANOS | | | |
| Gómez Martínez Desireé | | | 18€ |
| Jalda Fonseca Dario | | | 18€ |
| Machado Ospre Sabolra | | | 18€ |
| Otero Martínez Eva | | | 18€ |
| Otero Pérez Andrea | | | 18€ |
| Peraín Rodríguez Andrea | | | 18€ |
| Pérez Martínez Desiré | | | 18€ |
| Rosales Sánchez Brenda | | | 18€ |
| Sagredo Paz Costa | | | 18€ |
| Vidal Bermúdez Gabriel | | | 18€ |
| Rosales da Silva Brenda | | | 18€ |
| Varela Currás Violeta | | | 18€ |
| Vazquez DosSantos Fátima | | | 18€ |

| SOLFEXO DE ADULTOS | | | |
|----------------------------|--------------|--------------------------|----------------|
| NOME E APELIDOS | IDADE | TFN. CONTACTO | €/TRIM. |
| Del Rio Vazquez , Angela | | | 18€ |
| García Blanco, Alfonso | | | 18€ |
| Martínez Santomé José | | | 18€ |
| Oliveiras Padró, Enric | | | 18€ |
| Perez Carrera, Xosé Bieito | | | 18€ |
| Ponte Pita, María | | | 18€ |
| Vidal Alonso, Jorge L. | | | 18€ |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e así aprobar o prazo, procedemento e as persoas preinscritas ás que se conovca para o pagamento da inscrición nos obradoiros da Escola Municipal de Música correspondente ao primer trimestre da edición 2010-11.

11.- PADRÓN DE VENDA AMBULANTE 2011

Visto o padrón de venda ambulante no Concello de Moaña para o ano 2011, que comeza por Aidara Ndoye e remata por Faleh Zs Algashamey, en canto a persoas físicas (80), e

no que se inclúen ademais cinco cooperativas -cuxos traballadores autorizados para a venda están relacionados/as tamén-,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de venda ambulante 2011.

12.- APOIO DO CONCELLO A UNHA INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO: *CENTRO DE DÍA O ROSAL.*

Visto o informe da axente de emprego do 10 de xaneiro de 2011, que di:

A axente de emprego atópase na actualidade prestando asesoramento técnico a unha muller que desexa crear en Moaña un centro de día. Empresa destinada a prestar servizos de atención sociosanitaria a persoas dependentes ou discapacitadas.

A promotora deste proxecto é unha moza desempregada do Concello de Moaña:

- Miriam Del Río Del Río. D.N.I. : 77009458-F.

A forma xurídica elixida para a posta en marcha da empresa é a de empresario individual. O nome comercial da empresa será “Centro de Día O Rosal”. A sede da empresa estará situada nun baixo na Rúa María Martín s/n, no barrio do Rosal.

Como axuda para o financiamento inicial do seu proxecto empresarial a emprendedora intenta acollerse a unha subvención para a creación de empresas que ofrece a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia denominada “**Iniciativas Locais de Emprego**”. Trátase dun programa que subvenciona a fondo perdido proxectos empresariais, sempre que cumpran cos seguintes requisitos.

1º) Que se trate de proxectos empresariais innovadores ou que cubran necesidades non satisfeitas na estrutura económica existente na zona.

Pode considerarse que este proxecto empresarial cubre necesidades non satisfeitas na estrutura económica do Concello, xa que en Moaña so existe un centro de día de carácter privado en funcionamento, que non da satisfeito a demanda existente deste tipo de servizos.

2º) Que se trate dun proxecto empresarial xerador de emprego que desenvolva a súa actividade no ámbito local ou rural e que resulte viable dende o punto de vista técnico, económico e financeiro.

Este proxecto xerará dende o primeiro momento 5 postos de traballo estables no Concello de Moaña, o da promotora máis catro traballadores contratados indefinidos, e segundo o plan de empresa elaborado pola axente de emprego en colaboración coa promotora, pode resultar viable dende o punto de vista técnico, económico e financeiro.

3º) Que o proxecto empresarial estea apoiado por unha administración local de carácter territorial.

Este é o último requisito que ten que cumprir o proxecto para poder ser cualificado como Iniciativa Local de Emprego. O apoio do concello, debería implicar unha certa axuda económica por pequena que esta sexa, así como unha serie de pequenas medidas complementarias de apoio.

Vista a proposta da Alcaldía do 10 de xaneiro de 2011, que di:

Á vista do informe emitido pola axente de emprego e do contido da Orde do 12 de Xaneiro de 2000 da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, pola que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, faise necesario acordar o apoio do Concello de Moaña ao proxecto empresarial Miriam Del Río Del Río 77009458-F con nome comercial “Centro de Día O Rosal” para que poida ser cualificado como Iniciativa Local de Emprego.

En vista do anterior

PROPOÑO:

1º) Que o Concello de Moaña apoie este proxecto empresarial; Miriam Del Río Del Río 77009458-F con nome comercial “Centro de Día O Rosal”.

O apoio do Concello implicará as seguintes medidas:

a) Axuda económica por un total de 120 euros, destinada a financiar en parte os gastos iniciais de publicidade da empresa.

b) Asesoramento e acompañamento técnico por parte da axente de emprego do Concello de Moaña durante os trámites de creación da empresa e o primeiro ano de funcionamento da mesma.

c) Gratuidade do servizo de fotocopias para tódolos trámites de posta en marcha da empresa.

En todo caso o apoio do Concello de Moaña, queda condicionado ao feito de que este proxecto empresarial sexa cualificado como I.L.E. pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Ademais, a primeira medida de apoio do Concello aplicarase unha vez que a empresa estea cualificada como ILE e constituída legalmente, feito que a promotora deberá demostrar mediante a presentación de copias compulsadas da resolución de cualificación como ILE, altas na Seguridade Social e alta no Imposto de Actividades Económicas da empresa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

13.- MODIFICACIÓN NO SAF

Visto o informe da traballadora social do Concello de data 10 de xaneiro de 2011 sobre modificación no servizo de axuda no fogar,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa no SAF a María Ríos González, por cambio de domicilio a outro municipio, dende o 1 de xaneiro.

14.- MODIFICACIÓN DE TARIFAS NA LUDOTECA

Visto o informe-proposta da coordinadora da ludoteca de data 10.01.11, que indica:

- En consecuencia da alta o pasado luns 27 de decembro de 2010 da socia nº 239 (Valeria Rivero Fernández, tarifa art. 4 epgr. 3º a), o seu irmán, **o socio nº 135 (Javier Alejandro Rivero Fernández)** pasa a ter a tarifa **Art. 4 Epgr. 3º a**.
- **Darase de baixa á socia nº 59, Tania Currás Gayo**, dos servizos da Ludoteca Municipal de Moaña a partir do 16/01/2011 por superar a idade para a que esta se destina.
- En consecuencia desta baixa e segundo a Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos polo servizo de Ludoteca Municipal prestado polo Concello de Moaña, aprobada en novembro de 2007, este feito modifica a tarifa da súa irmá **a socia 58 (Naiara Currás Gayo)**, que a partir de agora ten asignada a seguinte tarifa **Art. 4 Epgr. 1º**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

15.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAIS

15.A) Latifa Zinati Abdelouareth, por escrito do 29.10.10, expón que o día 23.12.10 atopou arrancada a tela mural do peche da finca da súa vivenda na Marrúa 14b. Os danos afectan a todo o valado metálico do lateral da finca que linda coa estrada de Marín. Os operarios que limpan as estradas en datas anteriores causaron danos coa maquinaria podadora e romperon os postes tubulares. Avisou á Policía local e solicita a reparación de todos os danos sufridos no muro e no peche, e a limpeza e saneamento axeitado da estrada de Marín nes cruce, así como a colocación de vallas para coches de seguridade vial. Achega orzamento.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local,

Visto o informe do capataz, que indica que ningún operario municipal levou a cabo traballo de ningún tipo na estrada PO313 xa que dita estrada non é de competencia municipal,

Vista a proposta do concelleiro de Servizos que dados os informes presentados polo capataz e pola Policía local **propón desestimar** as solicitudes de reparación do peche e da limpeza e saneamento das beirarrúas da PO313 e de colocación de vallas para coches,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar as solicitudes segundo os informes e a proposta do concelleiro.

15.B) D. José Alonso Núñez, por escrito do 7 de xaneiro de 2011, formula reclamación de indemnización de danos e prexuízos na contía de 125,03 euros, xa que o 28.10.10 conducía o vehículo da súa propiedade pola rúa José Costa Alonso cando, á altura do nº 84 B, sen poder evitalo introduciu a roda dianteira esquerda nun gran bache sen sinalizar. Indica que reclamou a presenza da Policía local –achega copia do informe- e acompaña fotocopia da factura de Neumáticos Rivas “Deixa” por importe de 125,03 pola reparación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación presentada porque o lugar onde ocorreu o feito é competencia de Portos de Galicia.

16.- FURANCHOS

D^a ISABEL DEL RÍO VIEITEZ solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 1000 litros de viño branco e 200 litros de viño tinto de colleita propia, en Outeiro – O Cruceiro, 81, a partir do mes de maio. Presenta declaracións de produción e colleita da campaña 2010-11 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado dende o 1 ao 31 de maio de 2011, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

17.- VADOS

D. JOSÉ ESTÉVEZ JUNCAL presenta instancia na que solicita un vado permanente na Moureira, 77 D, para un garaxe de dúas prazas en vivenda unifamiliar, para o que presenta o recibo de pago de 110,70 euros (23,20 € vado, 72,50€ pasaxe permanente e 15 € do sinal)

Visto o informe do xefe da Policía Local do 29.09.10 que indica que *hai unha porta no baixo que linda coa vía pública e ten un ancho 2,9 metros e a beirarrúa dispón dun rebaixe e todo fronte do edificio,*

Visto o informe do inspector de obras do día 13 de decembro de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. JOSÉ ESTÉVEZ JUNCAL, cunha entrada de 2,90 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 110,70 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:55 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.